



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

Incoación expediente investigación. Inventario municipal de bens

ANUNCIO

Incoación expediente investigación. Inventario municipal de bens

Expediente: 2025/X999/000228.

Na sesión ordinaria do Pleno do concello da Laracha que tivo lugar o día 31 de xullo de 2025, adoptouse o acordo de “*Incoación expediente investigación. Inventario municipal de bens*” a efectos de determinar a titularidade correcta dos mesmos, de acordo co disposto no artigo 49 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, procédese á publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia:

PRIMEIRO. - Incoar expediente de investigación da titularidade nas seguintes vías:

Nº de	Identificación vía	Plano	Parroquia
Orde	(Nº)	Inventario (Nº)	
1	P12041	7	TORÁS
2	P13037	12	VILAÑO
3	P8001	8	LESTÓN
4	CONTINUIDADE DO P4016.1	9	ERBOEDO
5	9088	20	MONTEMAIOR
6	5033.1	12	GOLMAR
7	NR VILASUSO	7	TORÁS
8	P5030	12	GOLMAR
9	NR RIBELA	12	VILAÑO
10	5032	12	GOLMAR
11	4030 A 4032	9	ERBOEDO
12	NR PEDRA	12	GOLMAR
13	P6009	6	LEMAIO
14	RC 3.2	C-01	CAIÓN
15	9084	20	MONTEMAIOR
16	P13013	7	VILAÑO
17	P10031	18	SOANDRES
18	9011	16	MONTEMAIOR
19	11019	13	SOUTULLO
20	NR REGADO	6,7	CABOVILAÑO
21	P8000	8	LESTÓN
22	CAMIÑO ANOBO	1	CAIÓN

SEGUNDO. - Publicar o acordo de iniciación no Boletín Oficial da Provincia ; ademais estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello [dirección <https://sede.alaracha.gal> e no taboleiro de anuncios do Concello

TERCEIRO. - Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para que, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

CUARTO. - Notificar aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables e abrir trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.

Finalizado o prazo para presentar alegacións, abrir un período de proba por prazo de dez días no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a Dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

QUINTO. - Practicadas as probas e valoradas polos Servizos da Corporación, pór de manifesto o expediente ás persoas a quen afecte a investigación e houberen comparecido nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito

A Laracha, 4 de agosto de 2025

O Alcalde,

José Manuel López Varela.

2025/5226